XUNTA DE GALICIA

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO

Convocatoria 2025-2026

ORDE do 25 de maio de 2026

PRAZO DE MATRÍCULA PROBA PEB: 2 a 8 de xuño de 2026 **DATA DA PROBA PEB:** 16 de xuño de 2026

PRAZO DE SOLICITUDES DA SUBVENCIÓN DO PREMIO: un mes desde a publicación das cualificacións definitivas da proba PEB

DESTINATARIOS

Alumnado que finalice os estudos de bacharelato no curso 2025/26 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha **nota media** no bacharelato igual ou superior a **8,75**.

DOTACIÓN

Concederanse un máximo de **20 premios** dunha contía **de 1.000 €** por premio.

CARACTERÍSTICAS

O procedemento de solicitude para optar aos premios extraordinarios de bacharelato ten dúas fases diferenciadas:

FASE 1:

O alumnado formalizará a **matrícula na proba PEB no centro educativo** onde superou o segundo curso de bacharelato. O centro educativo cargará os datos da súa solicitude en **Avalia**.

FASE 2:

Despois da publicación das cualificacións definitivas da proba PEB, o alumnado que cumpra os requisitos establecidos na orde de convocatoria poderá **formalizar no prazo dun mes unha solicitude para optar á subvención** do Premio Extraordinario de Bacharelato.

As solicitudes ao premio presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través da aplicación informática PremiosEdu

https://www.edu.xunta.gal/premiosedu

á que tamén se pode acceder escanenado o código QR.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica (código de procedemento ED311A)

https://sede.xunta.gal

A PROBA PEB

A proba PEB é presencial e única en toda Galicia. Realízase de xeito simultáneo nas distintas sedes.

Os **tres exercicios** versarán sobre:

Análise e comentario crítico nos dous idiomas cooficiais (20 puntos), primeira lingua estranxeira (10 puntos), unha materia de modalidade (elixida na solicitude) (10 puntos).

É obrigatorio levar DNI ou pasaporte para realizar a proba.

QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

Unha persoa menor de idade NON pode presentar directamente a solicitude (agás que estea emancipada).

» **ALUMNADO MENOR DE 18 ANOS OU MAIOR DE 18 TITORIZADO**

Actúa a través dun representante legal (pai, nai ou titor/a legal). Só o alumnado de centros privados que non están en XADE debe presentar certificación de representación (p. ex. libro de familia).

» **ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO**

Pode presentar a solicitude directamente, ou ben actuar por medio de representante formalizado co modelo xenérico que se atopa en:

Sede electrónica > Trámites > Modelos xenéricos > Representación

MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información pódese atopar en:

https://www.edu.xunta.gal/premiosedu

ou no **código QR**.